



# Neste Nadal, **MERCA LOCAL!**

Encarga a túa cesta a medida



## **CONTACTO**

687 28 85 66

652 58 88 93

648 18 69 09

[info@caminocircular.com](mailto:info@caminocircular.com)

**Web:** [caminocircular.com](http://caminocircular.com)

**Facebook:** Camiño Circular

**Instagram:** @caminocircularcoop

Esta cesta constitúe unha iniciativa da cooperativa Camiño Circular para o desenvolvemento sostible, saudable e solidario do noso rural. Con ela axudamos a desenvolver a Estrada en todos os seus camiños:

**Camiño local:** poñemos en valor o tecido produtivo, o patrimonio e o turismo sostible para fixar e recuperar poboación no noso rural.

**Camiño ambiental:** transmitimos o valor do coidado do medio ambiente en todas as nosas accións e actividades a desenvolver.

**Camiño social:** tecemos redes de coidado e solidariedade entre todos os axentes e colectivos presentes na nosa comunidade.

**Camiño artístico:** achegamos a música e as artes ao rural mediante o intercambio sociocultural.

**O teu camiño:** axudámote a crear o teu propio proxecto!

# COÑECE OS NOSOS PRODUTOS, COÑECE A ESTRADA!

**1. Camiño Circular S. Coop. Galega:** caixa de nadal con produtos 100% estradenses e respectuosos co medio ambiente.

**2. Artema:** caixa feita con madeira do país na parroquia de Ancorados.

**3. As Besadas:** Aceite de oliva virxe extra galego, sen refinar e elaborado con olivas cultivadas na parroquia de Callobre.


**4. Atalanta madeira:** prato de madeira de produción sostible, con acabados respetuosos co medio ambiente e cunha mínima produción de residuos na parroquia de Berres.

**5. Gandeiría Conde da Xesteira:** leite rico en proteína, baixo en grasa, con Omega 3 e calcio grazas á importancia do pastoreo na parroquia de Lamas.

**6. Leite Ulla:** queixo feito con leite crú de vaca, calla e sal, sen corrector de acidez, conservantes nin parafinas feito na parroquia de Santeles.

**7. Martín Cañedo:** mel procedente de Moreira. A súa extracción baséase nun modelo respectuoso co medio ambiente e coas abellas, e que contribúe ao mantemento dos nosos ecosistemas e a nosa biodiversidade.

**8. Maruxío:** galletas artesanais de avena e arandos estradenses feitas no lugar de Terreboledo.



**9. Mimela pastelería:** árbol de nadal feito artesanalmente na parroquia da Estrada.

**10. Ouro da chousa:** aceite 100% de oliva estradense recollida a man na parroquia de Moreira.

**11. Ovos do Volteiro:** ovos de galiñas criadas en liberdade na parroquia de San Xiao de Vea.

**12. Pastelería Petiscos:** turrón e polvoróns artesanais feitos na parroquia da Estrada.

**13. Peroja:** sidra natural ecolóxica e mosto natural de mazá elaborados de forma artesanal na parroquia de Agar.

**14. Rebulidoiro Granxa Eco:** mermelada e cabaza deshidratada procedentes de cultivos ecolóxicos na parroquia de Santa Cristina de Vea.

**15. Ribela:** sidra e sidragre producidos con mazás locais e ancestrais procedentes de cultivos ecolóxicos propios na parroquia de Ribela.

**16. San Martiño Embutidos:** chourizos artesanais preparados cos mellores pimentóns, especies naturais e carnes magras 100% de porco feitos na parroquia de Barbude.

**\*Rede:** aportación das redeiras de Cangas.